



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 13 DE MAIO DE 2019

N.º 108

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

#### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

##### Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOVERNO DE DATA 3 DE MAIO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO**

Anuncio relativo ao acordo da Xunta de Goberno de data 3 de maio de 2019 que literalmente di:

*“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:*

*A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.*

*Á vista das propostas de nomeamento realizadas pola Comisión de Valoración, elévanse á Xunta de Goberno para que adopte os seguintes acordos:*

*1º.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos postos de traballo que a continuación se sinalan, nomeando a:*

**Don Darío Ferreiro Otero**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1092, denominado **Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos / Adxunto Xefe Servizo de Vías e Obras**, adscrito á ÁREA de Xestión Territorial - Vicepresidencia - Servizo de Vías e Obras reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

**Don Héctor Diéguez Aranda**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1093, denominado **Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos / Adxunto Xefe Servizo Vías e Obras**, adscrito á ÁREA de Xestión Territorial - Vicepresidencia - Servizo de Vías e Obras, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

**Don Nicolás Fariña Verea**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1548, denominado **Enxeñeiro Informático / Adxunto Xefe Servizo Comunicación e TICs**, adscrito á Presidencia - Servizo de Comunicación e Tics - Sección Novas Tecnoloxías, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

**Dona Silvia García López**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1551, denominado **Xefe Sección I Benestar e Igualdade**, adscrito á ÁREA de Promoción Económica e Social - Sección Benestar Social e Igualdade, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Dona Margarita Tarrío Álvarez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1520, denominado **Xefe Sección I Contratación**, adscrito á Presidencia - Servizo de Contratación e Fomento, Sección Contratación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Dona Loreto Rodríguez Costas**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1521, denominado **Xefe Sección I Fomento**, adscrito á Presidencia - Servizo de Contratación e Fomento, Sección Fomento, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Don Luís Jesús Fernández Reija**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1969, denominado **Xefe Sección I Medioambiente**, adscrito á ÁREA de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente - Servizo de Medioambiente, Sección Medioambiente, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Don José Fernández Parajes**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1523, denominado **Xefe Sección I Vías e Obras / Enxeñeiro Técnico Obras Públicas**, adscrito á Área de Xestión Territorial - Vicepresidencia - Servizo de Vías e Obra, Sección Vías e Obras, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Don José Antonio Castro Liz**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1532, denominado **Xefe Sección I Xestión Orzamentos**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Sección Xestión Orzamentos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Don José Antonio Arias Vázquez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1522, denominado **Xefe Unidade I Apoio Coordinación e Xestión Territorial**, adscrito á Área de Xestión Territorial - Vicepresidencia - Unidade de Coordinación e Xestión Territorial reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

**Don Daniel José Rajal Fernández**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1545, denominado **Xefe Negociado I Coleccións Museo Provincial**, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación - Rede Museística Provincial, Museo Provincial, Negociado Coleccións, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Beatriz Losada López**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1537, denominado **Xefe Negociado I Contabilidade Informática Recadación**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Informática Recadación, Negociado Contabilidade Informática Recadación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Don Luís Manuel Fernández García**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 265, denominado **Xefe Negociado I Devolucións e Fraccionamento**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria, Negociado Devolucións e Fraccionamentos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Belén Salgado Iglesias**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 465, denominado **Xefe Negociado I Poxas**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección de Procedementos Executivos, Negociado de Poxas, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Don Jesús Pastor Ferreirós Viveiro**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 556, denominado **Xefe Negociado I Tributos Varios**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección de Procedementos Executivos, Negociado Tributos Varios, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Don Ramón Campos Rodríguez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1539, denominado **Coordinador Xefe II Rutas Fluviais**, adscrito á Área de Turismo e Cultura - Unidade de Promoción do Territorio e Turismo, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Sergio Castiñeira López**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1536 , denominado **Responsable Coordinador I Xestión Tributos Concellos - Informática**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Informática Recadación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

**Dona Montserrat Gómez Martínez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1528, denominado **Responsable Coordinador II - Novas Tecnoloxías Recursos Humanos**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos - Sección de Administración Recursos Humanos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

**Don Juan Carlos González Méndez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1067, denominado **Encargado II Información e Atención Cidadá**, adscrito á Presidencia - Servizo Protocolo e Relacións Institucionais - Atención ao Cidadán, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 14.

**Don Marcos Gómez Sánchez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1223, denominado **Maquinista Condutor Transportista**, adscrito á Área de Xestión Territorial - Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 18.

**Don Manuel Guerra Pérez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1219, denominado **Mecánico Especialista**, adscrito á Área de Xestión Territorial - Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 18.

2º.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 10.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

O que se da publicidade en cumprimento da Base 10 que rexe a convocatoria, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 10 de maio de 2019.- A Secretaria, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1348

## GABINETE DE FORMACIÓN

### Anuncio

#### CONVOCATORIA CURSOS PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2019

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), mediante Resolución do 26 de febreiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2019, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 50, do 12 de marzo de 2019.

Aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 na Mesa Provincial de Formación, en reunión mantida o 03-04-2019, e mediante Resolución da Presidencia de 29-04-2019 a Sección de Formación propón a publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP das seguintes accións formativas:

- A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA LOCAL ANTE AS LEIS DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO, RÉXIME XURÍDICO E TRANSPARENCIA. "MODALIDADE EN LIÑA"
- OFIMÁTICA CON LIBREOFFICE WRITER. NIVEL AVANZADO. "MODALIDADE EN LIÑA"
- OFIMÁTICA CON LIBREOFFICE CALC. NIVEL AVANZADO. "MODALIDADE PRESENCIAL"
- OPERATIVA POLICIAL CON VEHÍCULOS ESTRANXEIROS. "MODALIDADE PRESENCIAL"

As características e contidos específicos deste curso detállase no anexo I e desenvolverase de acordo coas seguintes:

### BASES XERAIS

#### PRIMEIRA.- SOLICITUDES

1. O persoal que desexe participar neste curso presentará cuberta, en todos os epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos son de obrigatoria cumprimentación. No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **20 DE MAIO DE 2019 ÁS 13:00 H.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelhas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4. A dita documentación dirixirse ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Sección de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Registro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.
- **Correo electrónico:** [formacion@deputacionlugo.org](mailto:formacion@deputacionlugo.org)
- **E demáis lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **SEGUNDA.- ACCESO E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS**

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.
2. Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorpórase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.
3. A Sección de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ao teléfono 982 260 065.
4. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

## **TERCEIRA.- CERTIFICACIÓN**

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. É obligatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos "MODALIDADE EN LIÑA", é obligatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o alumno non se presentase á sesión presencial, será excluído deste.

- a) Certificación de asistencia, ou
- b) Certificación de asistencia con aproveitamento: trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

## **CUARTA.- MODIFICACIÓN**

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 8 de maio de 2019. O Presidente: Dario Campos Conde. A Secretaria: María Esther Álvarez Martínez.

## **BASES XERAIS**

### **ANEXO I**

#### **CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

**Código A. F.: 01.02.01.19**

**Denominación:** A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA LOCAL ANTE AS LEIS DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO, RÉXIME XURÍDICO E TRANSPARENCIA. "MODALIDADE EN LIÑA"

**Destinatarios:** Empregados públicos da Administración Local da provincia de Lugo que participen na elaboración dun expediente administrativo; responsables de expedientes e auxiliares administrativos, que queiran ampliar os seus coñecementos na materia e indagar sobre as consecuencias prácticas da Administración electrónica, con coñecementos básicos de manexo de ordenadores e de navegación por internet

**Participantes:** 50

**Horas:** 35

**Datas realización:** Do 5 ao 28 de xuño de 2019

#### **OBXECTIVOS:**

- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as relacións electrónicas entre a Administración e os administrados.
- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as interrelacións e o intercambio de información entre Administracións.
- Coñecer e comprender os principais conceptos, dereitos e obrigas derivados da Administración Electrónica.
- Coñecer as diferentes alternativas e solucións tecnolóxicas que se poñen a disposición das entidades locais. Aprender a manexalas.
- Coñecer e entender a publicidade e transparencia, así como o control de acceso a información que se require no novo ámbito normativo.

**PROGRAMA:**

1. RESUMO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA ANTES DAS LEIS DO 2015.
2. A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS LEIS 39/2015 E 40/2015.
3. A RELACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O CIDADÁN.
  - Principais dereitos e obrigas dos ciudadáns. Obrigas da administración.
  - A sede electrónica.
4. AS RELACIÓNIS ELECTRÓNICAS ENTRE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. INTEROPERABILIDADE
  - Esquema nacional de interoperabilidade.
  - Plataforma pid-svd da AXE.
  - Plataforma pasaxe da Xunta de Galicia
5. IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN. SINATURA DIXITAL E CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS.
  - Sistema cl@ve da AXE e sistema chave da Xunta de Galicia.
  - Tipos de certificados.
  - Entidades de certificación.
  - Sistemas criptográficos.
  - Ferramentas de firma electrónica: realización, visualización e validación de firma.
  - A Deputación de Lugo coma punto de verificación e oficina de rexistro de certificados
6. EXPEDIENTE ELECTRÓNICO
  - Documento e expediente electrónico
  - Rexistro electrónico. SIR
  - Arquivo electrónico
7. NOTIFICACIÓNIS ELECTRÓNICAS
  - Comparecencia en sede
  - Notific@. Red 060
  - Notific@. Xunta de Galicia
8. OUTRAS OBRIGAS E SERVIZOS ELECTRÓNICOS
  - Rexistro de apoderamentos
  - Rexistro de funcionarios habilitados
  - Transparencia
  - Factura electrónica
  - Licitación electrónica
9. RESUMO DE FERRAMENTAS
  - Portal administración electrónica
  - Centro de transferencia tecnolóxica
  - Portal entidades locais
  - Portal eidolocal
  - Ferramentas da Deputación de Lugo.

**Código A. F.: 01.06.01.19**

**Denominación:** OFIMÁTICA CON LIBREOFFICE WRITER. NIVEL AVANZADO “MODALIDADE EN LIÑA”

**Destinatarios:** Persoal administrativo (C1 e C2) da administración local da provincia de Lugo que queiran coñecer e dominar o procesador de textos LibreOffice Writer, tendo preferencia os que fixeran o curso de nivel básico.

**Participantes:** 50

**Horas:** 30

**Datas realización:** Do 5 ao 28 de xuño de 2019

**OBXECTIVOS:**

- Aprendizaxe da aplicación LibreOffice Writer, capacitando ao alumno para a redacción tanto de documentos básicos de texto como a realización de documentos complexos, manexando con destreza as diferentes ferramentas de edición e xestión de documentos que contén este procesador de textos.
- Coñecer a contorna de traballo da aplicación na súa versión máis actualizada.
- Traballar con documentos de LibreOffice Writer: abrir, novo, gardar.
- Abrir documentos noutros formatos.
- Aplicar diferentes estilos de formato ao texto: carácter, parágrafo, páxina.
- Aplicar opcións avanzadas de formato: crear listas numeradas, definir tabulaciones...

- Combinar correspondencia.
- Deseñar táboas.
- Traballar con elementos gráficos no documento.
- Coñecer ferramentas avanzadas do procesador de textos Writer: persoais, creación de formularios, traballar con macros.

**PROGRAMA:**

- Introdución á aplicación.
- Comezando a escribir con Writer.
- Xestión de documentos.
- Dando formato ao documento
- Opcións de formato avanzado.
- Opcións do menú Inserir.
- Deseño de táboas.
- Ferramentas de idioma e revisión do documento.
- Impresión de documentos.
- Combinar correspondencia.
- Traballar con elementos gráficos nun documento.

**Código A. F.: 01.07.01.19****Denominación:** OFIMÁTICA CON LIBREOFFICE CALC. NIVEL AVANZADO. "MODALIDE PRESENCIAL"**Destinatarios:** Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo que manexen esta ferramenta informática.**Participantes:** 20**Horas:** 20**Datas realización:** Do 24 ao 28 de xuño de 2019**Horario:** Das 16:30 h. ás 20:30 h.**Lugar realización:** Aulas COMPUTER-3**OBXECTIVOS:**

- Capacitar aos asistentes para que poidan construir as súas propias follas de cálculo, utilizando a suite de OpenOffice ou LibreOffice.
- Coñecer a contorna de traballo da aplicación na súa versión máis actualizada.

**PROGRAMA:**

- Introdución e instalación do programa
- Conceptos básicos sobre a folla de cálculo
- Libro e folla de traballo
- Entrada e edición de datos
- Operadores e funcións
- Operacións con arquivos
- Fórmulas e funcións
- Manipulación de celas e formatos gráficos
- Impresión

**Código A. F.: 01.11.01.19****Denominación:** OPERATIVA POLICIAL CON VEHÍCULOS ESTRANXEIROS. "MODALIDE PRESENCIAL"**Destinatarios:** Policias locais do concello de Lugo e demáis concellos da provincia de Lugo.**Participantes:** 30**Horas:** 21**Datas realización:** 10, 11, 12 e 13 de xuño de 2019**Horario:** Das 16:00 h. ás 21:15 h.**Lugar realización:** Aulas da Policía Local de Lugo**OBXECTIVOS:**

- Aumentar os coñecementos dos asistentes en canto ao coñecemento documental dos vehículos procedentes do resto de países da unión europea así como a súa correcta circulación. Metodoloxía para a identificación dun vehículo, ensinando a detectar posibles alteracións no mesmo tales como modificacións no bastidor ou outros elementos identificativos.

**PROGRAMA:**

- Permisos de circulación dos países da Unión Europea con mais incidencia no territorio español. Identificación de vehículos.
- Elementos identificativos nos vehículos.
- Ferramentas.
- Permisos de conducir mais habituais.
- Detección.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
Gabinete de Formación

**ANEXO II**  
**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN**

<b>1. Título acción formativa</b>		<b>Código A. F.</b>						
<b>2. Datos personais</b>								
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apellido	N.I.F.					
<b>3. Datos profesionais</b>								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Endereço do posto de traballo				Localidade		Provincia	
Minusvalía física	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móvil / particular	
Clase de persoal	Funcionario <input type="checkbox"/>	Funcionario Interino <input type="checkbox"/>	Persoal Eventual <input type="checkbox"/>	Laboral Fixo <input type="checkbox"/>	Laboral Temporal <input type="checkbox"/>			
Funcións que desempeña:								
<b>4. A ter en conta.</b>								
<p>Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumplimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obligatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.</p>								
<b>5. Declaración</b>								
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporto á solicitude que abaixo asino.								
<b>6. Informe Entidade Local</b>								
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obligatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade								
<input type="checkbox"/> Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable				Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)				

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Sinatura

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Gabinete de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Tel: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: [formacion@deputacionlugo.org](mailto:formacion@deputacionlugo.org)

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Pessoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámosselle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámosselle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico [protecciondatos@deputacionlugo.org](mailto:protecciondatos@deputacionlugo.org) sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obriga segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

R. 1334

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expõse ao público a Conta Xeral correspondiente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacion, reparos ou observacion que teñan por convintes.

Alfoz, 7 de maio de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 1319

## BALEIRA

#### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 25/05/2019 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **2º bimestre do 2019**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacion. Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación. De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/05/2019 e 30/06/2019 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranllas cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/05/2019. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago. Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzcan. Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 25 de abril de 2019.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1320

## BEGONTE

#### *Anuncio*

#### **Información pública**

Habéndose aprobado por resolución da alcaldía de data nove de maio de dous mil dezanove os padrós que a continuación se relacionan, e expónense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

-Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezanove.

-Taxa por recollida de lixo correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezanove.

-Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezanove.

-Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezanove.

-Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezanove

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporre recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padrós e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 9 de maio de 2019.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 1335

#### **FRIOL**

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno na sesión celebrada o 6 de maio do actual prestou aprobación aos seguintes proxectos de obras:

“Pavimentación de accesos en el Municipio de Friol 2018”, elaborado polo Enxeñeiro Don José Enrique Cacicedo Herrero (SP Ingeniería).

- Pavimentación de accesos en el Municipio de Friol 2019”, elaborado polo Enxeñeiro Don José Enrique Cacicedo Herrero (SP Ingeniería).

Os mesmos sométense ao trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma os proxectos entenderanse definitivamente aprobado.

Friol, 6 de maio de 2019.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 1321

#### **MONFORTE DE LEMOS**

##### *Anuncio*

#### **SELECCIÓN DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL POLO SISTEMA DE MOBILIDADE (OEP 2018)**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2019 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura nas bases penduradas na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte ó da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial Do Estado.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) ou por correo electrónico ([emartinez@concellodemonforte.com](mailto:emartinez@concellodemonforte.com)) a este Concello.

## **BASES DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA POLO SISTEMA DE MOBILIDADE.**

### **1.- CONVOCATORIA**

Convócanse probas selectivas para cubrir polo sistema de concurso entre persoal funcionario de carreira doutros corpos da Policía Local de Galicia, as seguintes prazas vacantes do Cadro de persoal do Concello de Monforte de Lemos:

- Relación de servizo: persoal funcionario de carreira
- Escala: administración especial.
- Subescala: servizos especiais.
- Clase: policía local
- Grupo titulación: C1
- Número de prazas: 2

As prazas obxecto desta convocatoria están incluídas na Oferta de emprego público para o ano 2018, logo da modificación aprobada sobre a mesma en XGL de data 1 de abril de 2019, en virtude do establecido na disposición adicional centésima sexaxésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado (BO Provincia de Lugo Nº 886 do sábado 13 de abril de 2019 e DOG nº 76 do 22 de abril de 2019).

### **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA**

#### **1. REQUISITOS DOS CANDIDATOS.**

1.1. Para ser admitidos no proceso selectivo, as/os aspirantes deben reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- .- Ostentar, en propiedade, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría.
- .- Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 (ABANCA) a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 18'87 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contaría suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Se procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentencia firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.
- .- Conforme ó artigo 35 do decreto 243/2008 os aspirantes deben faltarle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.

#### **2.- SOLICITUDES**

2.1. As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia segundo modelo que se facilitará na páxina web do Concello ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

2.2. Para poder ser admitido no proceso selectivo, deberá achegarse á instancia a seguinte documentación:

- .- Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría.
- .- Xustificante do pago da taxa de dereitos de exame.
- .- Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- .- Orixinal ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes.

No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

2.3. A convocatoria e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, no que conste o concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalén o procedemento selectivo e as persoas participantes.

O prazo para a presentación das solicitudes será de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

2.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O horario do Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

### **3. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

3.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos/as aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso.

De non existir aspirantes provisionalmente excluídos a lista pode ser levada á definitiva polo alcalde.

Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.Monforte de Lemos.es](http://www.Monforte de Lemos.es)).

3.2. Prazo reclamacións. As/os aspirantes non admitidos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

3.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

### **4. TRIBUNAL**

4.1. O tribunal estará composto por un/unha presidenta/e, tres vogais e un/unha secretario/a.

Presidente: Don Miguel Martínez Díaz.

Suplente: Angel Encinar Arias.

Vogais: María Inmaculada Buján Arias, Manuel Díaz Meira e Nestor Alvarez López.

Suplentes: José Luis Díaz Rodríguez, José Fernández Alvarez e Carlos Losada Díaz.

Secretaria: Elisa Martínez Arias.

Suplente: Elisa Rodriguez Fernández.

Todos os membros do tribunal son persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do subgrupo C1 ou superior.

4.2. Os membros do tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

4.3. O alcalde poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nestas bases. As/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias de abstención legalmente previstas.

4.4. O tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente, o/a secretario/a e un/ha vogal.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal queda autorizado para resolver cuntas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

4.5. Por resolución do Alcalde poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que se estime pertinentes, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

### **5. PROCESO SELECTIVO.**

5.1. O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co seguinte baremo de méritos:

A.Titulacións académicas.

- Título universitario de postgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requerida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

#### B.Antigüidade.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

#### C. Formación e docencia.

##### C.1. Formación profesional continua:

C.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

En todo caso os aspirantes deben acreditar no momento de presentar os méritos o número de horas de asistencia e/ ou tele-formación de cada curso.

C.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obligatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións xa valoradas no apartado A (Titulacións académicas).

En todo caso os aspirantes deben acreditar no momento de presentar os méritos o número de horas de asistencia e/ ou tele-formación de cada curso.

##### C.2. Docencia:

C.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivodas forzas e corpos de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

· Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos. O mesmo curso impartido en más dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición. Os méritos desta epígrafe 3 deberán mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

En todo caso os aspirantes deben acreditar no momento de presentar os méritos o número de horas de asistencia e/ou tele-formación de cada curso.

D. Distincións e recompensas oficiais.

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

E. Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto do español e do galego, acreditado por certificado de escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de más valor dos que se acrediten.

F. Lingua galega.

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos .
- Celga 4: 1,00 puntos .
- Anterior curso de iniciación: 0,75 puntos .
- Anterior curso de perfeccionamento: 1,00 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o título de más nivel dos que se acrediten.

5.2. No proceso de valoración poderá recabarse formalmente dos interesados as aclaracións, ou no seu caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5.3. A puntuación obtida por cada candidato publicarase na páxina web do Concello ([www.Monforte de Lemos.es](http://www.Monforte de Lemos.es)). No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios:

Primeiro.- Maior puntuación obtida sucesivamente nos seguintes apartados do concurso:

- A) Titulacións académicas;
- B) Antigüidade;
- C) Formación e docencia;
- D) Distincións e recompensas;
- E) Idiomas;
- F) Lingua galega.

Segundo.- Discriminación en favor da muller, para o suposto de existir infrarepresentación feminina no cadre de persoal do corpo de policía do concello (RDL 2/2015, do 12 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade)

Terceiro.- Orde alfabética de apelidos e nome, dando comezo pola letra que resulte do sorteo anual polo que se determina a orde de actuación das/os os aspirantes en todas as probas selectivas que se celebren durante o ano no ámbito da Administración Xeral do Estado, e que se publica no Boletín oficial do Estado.

## **6. NOMEAMENTO. TOMA DE POSESIÓN.**

6.1. O tribunal enviará ao Alcalde a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira do Concello de Monforte de Lemos das/dos aspirantes que, en número non superior ao de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso selectivo.

Esta proposta será elevada a definitiva por resolución do Alcalde, resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso selectivo o número suficientes de aspirantes.

6.2. Co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, o Alcalde poderá requerir do tribunal de selección, unha nova proposta de nomeamento como funcionarias/os de carreira do Concello de Monforte de Lemos das/dos aspirantes que, en número non superior ao de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso selectivo, cando se produzan a renuncia dalgún da/dos aspirantes propostos.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás/as aspirantes dos que se deduza que carecen dos requisitos esixidos nestas bases para ser admitidos no proceso selectivo; ou que soliciten a excedencia de forma inmediata e no mesmo día da súa toma de posesión como funcionarios de carreira do Concello de Monforte de Lemos.

6.3. A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

## **7. RECURSOS.**

7.1. Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción Contencioso-Administrativa de Lugo que corresponda, no prazo de dous meses, desde a súa publicación.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

Monforte de Lemos, 3 de maio de 2019.- o Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1322

## **A PONTENOVA**

### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 169., por remisión do 179.4, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión extraordinaria do 1 de abril de 2019, relativo ó expediente de modificación de créditos, expediente Gestiona nº 135/2019, por importe de 180.000,00 € (cento oitenta mil euros), que se fai público resumido por capítulos:

### **ORZAMENTO DE GASTOS**

Aplicación Orzamentaria	N.º	Descripción	Euros
432	62104	1 COMPRA TERREOS TIROLINA	120.000,00 €
153	61905	2 ARREGLO PISTA BARREIRIÑAS	15.000,00 €

172	600	3	COMPRA TERREOS ÁREA RECREATIVA	15.750,00 €
432	64003	4	ELABORACIÓN PÁGINA WEB	15.600,00 €
432	629	5	REDACCIÓN PROXECTO TIROLINA	6.000,00 €
432	64004	6	PROXECTO CINEMATOGRÁFICO	4.000,00 €
231	622	7	REDACCIÓN ESTUDIO DETALLE CENTRO DE DÍA	3.650,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>				<b>180.000,00 €</b>

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

Aplicación Orzamentaria	N.º	Descripción	Euros
290	1	ICIO	180.000,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>			<b>180.000,00 €</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pontenova, 7 de maio de 2019.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1323

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AGUAS**  
*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/02613/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios de Ferreiros

Nombre del río o corriente: Manantiales Fontiñas, A Fonte, Hombreiro

Punto localización: Ferreiros

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 3,75 l/s

Destino: Usos ganaderos y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 28 de abril de 1994

Registro de Aguas: 3370, Sección A, en el Tomo 0034, hoja número 070

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 30 de abril de 2019.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1324

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/05768/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: José López Pozo

Nombre del río o corriente: Cinco (5) manantiales

Punto localización: Finca Penacurva, lugar de Vilariño, San Pedro de Labio

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 0,04 l/s

Destino: Usos domésticos y ganaderos

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 30 de mayo de 1996

Registro de Aguas: 5265, Sección A, en el Tomo 0053, hoja número 065

#### **BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 30 de abril de 2019.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1325